

BASES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DOS MAIOS 2016 DE PONTEDEUME

1º - No Concurso de Maios poderán participar rapazas e rapaces que non superen os dezaseis anos (incluídos).

2º - Por cada maio terá que cubrirse unha solicitude independentemente de que sexa presentado de forma individual ou presentado por un grupo (asociación, clase escolar, etc...)

3º - Na creación do Maio pódese usas todo tipo de flores, valorarase positivamente que as flores sexan de temporada.

4º - Cada Maio deberá presentarse acompañado dunha poesía ou cantiga que os participantes deberán ler ou cantar. Ao presentar as coplas especificarase se son novas ou tradicionais

5º - A poesía ou cantiga será orixinal e inédita. Deberase facilitar copia á organización e xurado do concurso.

6º - Puntuarase cubrir con verde (mirto, fiuncho, xesta, etc) as partes do Maio, varas, patas, madeiras, etc.

7º - Puntuarase a figura, dificultade, elementos vexetais, etc.

8º - Valorarase a uniformidade dos participantes (levadores do Maio) a nena/o coa banda ou coroa de flores.

9º - Valorarase negativamente levar á vista cartóns, cordas, elementos plásticos, arames, madeiras, etc.

10º - A Concentración dos Maios realizarase nos Xardíns de Lombardero ás 17:30 h. do día 1 de maio. Posteriormente os Maios participantes percorreren as rúas do pobo ata chegar ao entorno do Convento de San Agustín (Cada da Cultura)

11º - As solicitudes de participación deberán formalizarse no Departamento de Cultura do Concello, en horario de 9:00 a 14:00 h. Tamén se poderán inscribir no Xardín de Lomabardero ata 15 minutos antes de empezar o pasacalles.

12º - O prazo de inscrición para o concurso abrirase o día 20 de abril, e rematará o día 1 de maio, quince minutos antes do inicio da actividade.

13º - O xurado estará composto por un número impar de integrantes e tamén terá a potestade de eliminar do concurso aqueles Maios que considere que non reúnen as condicións necesarias para ser considerados como tales, en base a súa construción e elementos que o forman ou que non reúnan un mínimo de calidade para poder acceder ao premio de participación.

14º - Establecese dúas categorías, Maio pequeno (ata 60 cm de altura desde o suelo, 55 cm ancho e 90 cm de largo de corpo do Maio, non se contabilizara a lonxitude dos brazos de transporte), en cada unha delas concederanse tres premios:

Categoría Maios Grande

1º Premio: 150 € + Diploma

2º Premio: 100 € + Diploma

3º Premio: 70 € + Diploma

Categoría Maios Pequenos

1º Premio: 90 € + Diploma

2º Premio: 70 € + Diploma

3º Premio: 50 € + Diploma

15º - Establécese un premio á mellor copla cunha contía económica de 70 €

Puntuarase neste apartado:

- Interpretación cantada da canción–copla e a súa orixinalidade
- Lectura (ou recitado) da canción-copla orixinal
- Valoraranse máis as coplas que sexan acompañadas con música ou percusión
- Valoraranse máis se os acompañantes musicais son neno/as que si son adultos.
- Puntuaranse máis as músicas orixinais sobre outras xa coñecidas.
- Ao presentar as coplas especificarase se son novas ou tradicionais para súa valoración
- Facilitaranse as coplas a organización por cuadruplicado antes do comezo do concurso

16º - Destinarase unha cantidade de 400 € para premios de participación. Entre os maios participantes o xurado decidirá cales son aqueles que cumpren os requisitos mínimos para optar a un premio de participación (excluídos os gañadores da Categoría de Maios Grandes e Maios Pequenos). Estes maios recibirán un premio que calcularase dividindo 400 € entre o número de eleixidos , non podendo exceder de 40 € por maio. En caso de que a división non sexa exacta redondearase á baixa en múltiplos de 5 €.

17º - Os premios poderían quedar desertos de non existiren Maios de calidade a xuízo do xurado.

18º - A decisión do xurado é inapelable e estará composto por persoas directamente relacionadas coa elaboración e construción de maios. O xurado terá potestade para resolver os problemas que xurdan durante o concurso.

19º - A composición do xurado comunicáraselle aos participantes e público en xeral o mesmo día do concurso.

20º - A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.

21º - Os premios serán entregados en metálico. No caso de maios presentados de forma individual será recollido polo representante legal do neno/a e no caso de maios presentados de forma grupal por o representante designado polo grupo sempre que sexa maior de idade.

22º - A participación no concurso implicará a aceptación das presentes bases.

Pontedeume, 18 de abril de 2016